



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA DEZ DE MAIO DE DOUS MIL DOCE

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás once horas trinta minutos do día dez de maio de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpan a asistencia D.^a Olga María Blanco Teijeiro, e D. Marcos Rodríguez Calvo.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE ABRIL DE 2012. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e oito de abril de dous mil doce.

Polo voceiro do Grupo Municipal AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que con respecto ao expresado na acta no segundo parágrafo da páxina 4 onde di "xa que parece excesivo a cantidade que hai que pagar por esas horas " debe dicir " que o que se manifestou na sesión foi "que nos parece excesivo o gasto".

Non se formulando ningún outro tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2.- RENUNCIA COMO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G- PSOE DE D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do escrito presentado por D. José Manuel Corral Bellas, concelleiro do Grupo Municipal do PS de G- PSOE, de data sete de maio de dous mil doce, comunicando a súa renuncia ao cargo de concelleiro por motivos de índole laboral.

De seguido toma a palabra o concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, para agradecerlle a atención que tivo sempre co seu Grupo Municipal e desexarlle sorte no seu novo traballo.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dáselle as grazas polos servizos prestados e desexarlle sorte no seu futuro traballo.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que respeta a decisión de dimisión motivada por asuntos de tipo laboral.

Polo concelleiro, D. José Manuel Corral Bellas, dase as grazas a todos, manifesta que estivo moi contento de estar no concello este tempo, pero que o traballo municipal require de dedicación e tempo que a partir de agora non vai a ter.

Polo Sr. Alcalde - Presidente dáselle expresamente as grazas como gran compañeiro, amigo e traballador.

Visto o anterior, o Pleno da Corpopración, por unanimidade dos Sres Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento e aceptala dimisión como Concelleiro deste Concello de D. José Manuel Corral Bellas.

2º. Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que se proceda á expedición de credencial do substituto que corresponde ao número quinto na lista presentada polo Grupo Político do PS

de G - PSOE ás Eleccións 2011, na persoa de D. Francisco Javier Bouza Bermúdez.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas corenta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



José A. Meizoso Paz